


II Encontro de profesionais da normalización lingüística no eido local

Ideas, recursos e camiños para a normalización no día a día



Deputación
DA CORUÑA

INTRODUCCIÓN	3
PROGRAMACIÓN	4
UN MARCO TEÓRICO	5
FERRAMENTAS E RECURSOS	11
IDEAS E LIÑAS DE FUTURO	11



INTRODUCCIÓN

Esta memoria parte do *II Encontro de profesionais de normalización lingüística no eido local* desenvolvido o xoves 4 de xuño de 2026 en Bergondo, que organizou a área de Lingua da Deputación da Coruña coa vontade de promover un espazo de coñecemento mutuo e cohesión entre profesionais do eido da normalización lingüística.

Enmárcase esta xornada ao redor da activación de falantes na infancia e na adolescencia, coa finalidade de contextualizar a identidade lingüística e cultural da xente máis nova e inspirar accións de dinamización lingüística a través de experiencias replicables ou das que tirar aprendizaxes para outros contextos.

Preténdese con este documento achegar diferentes ferramentas para o traballo da normalización e dinamización lingüística e mostrar experiencias que sirvan de inspiración para facer fronte aos retos lingüísticos nas diferentes realidades locais.

PROGRAMA

10.00 h

Recepción de participantes, presentación e apertura institucional.

Sol Agra, deputada de Lingua

10.15 h

Tecer redes desde a lingua.

Un marco teórico sobre identidade lingüística e cultural nas infancias e adolescencias

Natalia Cea

11.00 h

Retos e oportunidades para a lingua.

Mesa redonda de experiencias inspiradoras desde diferentes ámbitos:

Modo Galego, Concello de Ames

e Real Academia Galega (Ames)

Gabino S. Vázquez Grandío

Brincarmos, Fundação Artábria (Ferrol)

Marcos Abalde Covelo

HIGA (Gasteiz)

Oskar Bikuña

12.00 h

Descanso

12.30 h

Retos e oportunidades para a lingua II.

Coloquio facilitado ao redor das experiencias da mesa redonda

13.15 h

Diálogo aberto coa Deputación

14.00 h

Xantar

16.00 h

Traballando coa lingua.

Espazo participativo prototipado de propostas para a intervención con infancias e adolescencias

18.00 h

Peché e despedida



UN MARCO TEÓRICO

Partindo de perspectivas da sociolingüística crítica e da construción da identidade lingüística e cultural na adolescencia, Natalia Cea aborda a relación entre lingua, identidade, autoestima e pertenza nas crianzas e adolescentes galegofalantes na palestra *Tecer redes desde a lingua. Un marco teórico sobre identidade lingüística e cultural nas infancia e adolescencias*.

Natalia Cea é graduada en Educación Infantil e Psicopedagogía pola Universidade da Coruña, onde actualmente é alumna do Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación (grazas a unha bolsa da Deputación da Coruña) e fai parte do grupo de investigación ECIGAL (Educación para a Cidadanía Global). Ademais, na actualidade é a coordinadora pedagóxica e lingüística das Escolas de Ensino Galego Semente. Desenvolve a investigación para a súa tese sobre a construción da identidade lingüística e cultural na adolescencia desde un contexto educativo de inmersión.

A lingua como espazo emocional identitario

Partimos de que a normalización lingüística se centrou tradicionalmente nos usos, competencias ou presenza institucional da lingua galega, mais isto non explica por que crianzas que falan galego deixan de facelo xa no primeiro ciclo de infantil.

Se ben é certo que hai un aumento das competencias lingüísticas, hai unha grande diminución do uso do galego.

Na adolescencia a lingua pasa a estar fortemente vinculada á identidade social, á lexitimidade e á pertenza grupal, de maneira que a elección lingüística é unha experiencia social onde debemos preguntarnos: que custo emocional ten falar galego para unha crianza adolescente? Que condicións tornan posíbel vivir a lingua sen tensión?

Debemos entender a lingua como espazo emocional e identitario, xa que as linguas non son neutras: organizan

pertenzas, afectos e recoñecementos e están vinculadas a experiencias sociais concretas (rexeitamento, orgullo, recoñecemento, vergoña etc).

Neste sentido cómpre ter en conta os conceptos de autoestima lingüística, inseguridade lingüística e espazo de protección ou exposición.

- A autoestima lingüística (que se constrúe socialmente) non debe entenderse como orgullo abstracto, senón como sensación de lexitimidade, dereito a ocupar espazo e posibilidade de falar sen autocorrección permanente.
- A inseguridade lingüística (que non é individual, senón que é producida por xerarquías sociais) ten que ver coa desvalorización constante e o medo de avaliación tendo como resultado a adaptación lingüística preventiva e a mudanza de código como mecanismo de protección social.

Para afondar máis en cuestións de autoestima e inseguridade lingüística, así como nos significados sociais que lles atribuímos ás linguas é ben interesante o libro *Do estigma á estima* de Valentina Formoso.

- Os *breathing spaces* son aqueles espazos onde a lingua non precisa ser xustificada, onde desaparece a

tensión da autoconsciencia lingüística, en definitiva contextos de descanso sociolingüístico.

Moi recomendable o traballo e reflexións de Bernadette O'Rourke ao redor dos espazos seguros no seu artigo "[Carving Out Breathing Spaces for Galician New Speakers' Investment in Monolingual Practices](#)".

Infancia e adolescencia: cando muda a relación coa lingua

É moi habitual na adolescencia unha muda lingüística, mais non debemos entendela como un fracaso lingüístico, senón como un momento de negociación identitaria.

Lidia Gómez aborda moi acertadamente a muda lingüística na adolescencia no seu artigo "[A muda lingüística na xuventude: momentos e factores](#)".

Na infancia a lingua acostuma estar asociada á familia e aos coidados mentres que na adolescencia entran en xogo o prestixio, a desexabilidade social, o sentimento de pertenza ao grupo e a performatividade identitaria.

A adolescencia é un momento sociolingüístico crítico, non polo abandono da lingua de forma racional, senón porque aumenta a

exposición pública e a necesidade de recoñecemento. Perciben o uso do galego como un risco (violencia lingüística) e atópanse nunha hipervixilancia constante que se traduce, en termos corporais e emocionais, en anticipar reaccións, calcular as persoas interlocutoras, modular sotaque, léxico ou idioma; en definitiva, procuran evitar sobresaír ou destacar.

Miguel R. Carnota reflexiona sobre todo isto no seu libro *Lingua, poder e adolescencia* (2020). No Repositorio da Universidade da Coruña pode consultarse a tese doutoral completa da que parte este libro: [Lingua, poder e adolescencia no proceso de substitución lingüística. Análise crítica do discurso nun centro de ensino secundario dunha vila galega](#).

O papel da normalización

En primeiro lugar debemos repensar que papel pode ter a normalización e que normalización queremos, cunha conciencia autocrítica. Tamén cómpre partir da base de que normalizar tamén é coidar mediante a creación de espazos seguros e tecendo redes. Debemos

traballar para a lexitimidade, pensando no benestar lingüístico, mais tamén na comunidade antes que na corrección. Unha lingua (sobre)vive non só cando se usa, senón cando pode ser vivida con tranquilidade e sen xustificación en todos os contextos da vida.

Para seguir aprofundando

• Artigos

[“Cuidar a raíz, o único tangible no presente para florescer no futuro”](#), de Natalia Cea Rodríguez. *Revista Aulas Libres*, STEG (2025), páxinas 8–12.

• Recursos audiovisuais

[Un país coa súa lingua. Foro participativo. Educación e socialización. Xoves, 27 de febreiro de 2025](#), Santiago de Compostela.

[Longa Lingua, Episodio 3. O galego no ensino con Ana Iglesias.](#)

Novo ensino para o galego, serie de vídeos da AGAL:

- [I: Binormativismo e ensino de idiomas](#) (Charo F. Velho x Rosalia F. Rial).
- [II: Responsabilidade institucional](#) (Rocío Candaes x Manolo Portas).
- [III: O modelo Semente \(Valentina Formoso x Bernardo Penabade\)](#).
- [IV: Mais lingua portuguesa na escola](#) (Valentín García x Eliseu Mera).

[Aprender na lingua propia. Das Escolas de Ensino Galego à Semente.](#)

• Outros

[O desprazamento lingüístico e o suxeito neofalante: aproximación sociolingüística á entrada no contexto universitario](#), de Martín Vázquez Fernández. Tese de doutoramento. Universidade de Vigo (2025).

[Guía sociolingüístico para familias. Um guia da Semente para acompanhar em língua galega além das aulas](#), coord. Natalia Cea Rodríguez.

[“Miguel Rodríguez Carnota, Lingua, poder e adolescencia, Vigo, Xerais, 2022, 360 páxinas”](#), de Natalia Cea Rodríguez. Recensión. *Revista Galega de Filoloxía* 26, 196–201 (2025).



CASOS INSPIRADORES

Os tres proxectos presentados no espazo “Retos e oportunidades para a lingua. Mesa redonda de experiencias inspiradoras desde diferentes ámbitos”, nacen desde lugares distintos e amosan maneiras diversas de pensar a dinamización lingüística: desde a colaboración institucional, desde o tecido comunitario e familiar, e desde o activismo xuvenil e o traballo en rede internacional.

Modo galego, actívao!

É un proxecto de dinamización lingüística que implementa investigación e acción que desenvolven a Real Academia Galega e o Concello de Ames, co obxectivo de promover o uso do galego entre a comunidade educativa e a mocidade do municipio.

Este proxecto botou a andar no ano 2021, tras a publicación do [Mapa sociolingüístico escolar de Ames](#), un amplo traballo de investigación que puxo de manifesto a necesidade de explorar novas estratexias para reforzar a presenza social da lingua galega nos contextos educativos e de socialización da infancia e adolescencia.

O obxectivo central é animar o alumnado a empregar, durante un mes a lingua galega o máximo posible e en todos os contextos. O programa artículase arredor dun reto de compromiso lingüístico inspirado na idea dos 21 días necesarios para consolidar hábitos. Para isto establécese un compromiso inicial e propóñense pequenas actividades diarias que acompañan e visibilizan o proceso de activación lingüística, favorecendo a creación de espazos de uso real da lingua. A actividade está orientada á rapazada, mais que tamén implican a familias e profesionais da educación formal e non formal. O programa busca así estender o uso do galego máis alá da aula, incorporándoo aos espazos de lecer, convivencia e actividades extraescolares, e reforzando a súa presenza na vida cotiá dos centros.

Ademais, destaca a súa dimensión colaborativa e innovadora, ao integrar institucións como a Real Academia Galega, o Concello de Ames, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, así como a colaboración imprescindible dos equipos de dinamización da lingua galega dos centros educativos do concello.

Brincamos

Trátase dunha iniciativa centrada na promoción do uso do galego na infancia, especialmente a través da creación de espazos de socialización, xogo e comunicación en lingua galega.

Esta proposta xorde en 2023 na comarca de Ferrol ao abeiro da Associação Cultural Artábria e da vontade das familias coa finalidade de acompañar a crianza na construción de hábitos lingüísticos positivos, favorecendo que o galego estea presente nos contextos cotiáns da primeira socialización. A proposta entende a lingua como unha práctica viva que se activa a través da experiencia compartida e considera esta dimensión comunitaria clave para consolidar hábitos lingüísticos desde idades temperás.

A través de actividades, encontros e propostas lúdicas como o Día da Crianza Galegofalante, o colectivo busca reforzar a transmisión interxeracional da lingua e crear espazos seguros onde o galego sexa a lingua habitual de relación. O proxecto destaca tamén pola súa capacidade de innovación e de adaptación a diferentes formatos comunicativos, como o pódcast, no que a rapazada participa activamente. A súa proposta “Universo Nosso” converteuse nun referente ao ser recoñecida no I Festival de Podcast de Galicia, pola súa boa utilización do galego e pola participación infantil nun formato creativo e que axuda a construír identidade.

HIGA (Hizkuntza Gutxituetako Gazteen Topaketa)

Trátase dun encontro internacional de mocidade falante de linguas minorizadas, que busca fortalecer a colaboración entre comunidades lingüísticas diversas e promover a revitalización das linguas minorizadas nun contexto globalizado.

Esta plataforma global de encontro, formación e activismo lingüístico foi creada en 2011 en Vitoria-Gasteiz (Euskal Herria). O proxecto reúne persoas activistas e académicas de linguas minorizadas de entre 18 e 35 anos procedentes de múltiples territorios e con diversas linguas do mundo, converténdose nun espazo de referencia para o activismo xuvenil neste ámbito.

Durante varios días de encontro cun programa intensivo, combínase formación académica e práctica a través de conferencias, obradoiros e mesas redondas centradas en cuestións como o activismo lingüístico, a sociolingüística crítica, o impacto das novas tecnoloxías nas linguas minorizadas ou a relación entre arte e revitalización lingüística.

As persoas participantes adquiren ferramentas aplicables aos seus contextos locais como a creación de campañas de sensibilización, a documentación de linguas, a produción de contidos audiovisuais ou o deseño de accións comunitarias. Tamén traballan de forma colaborativa deseñando iniciativas con impacto real nas súas comunidades ou a escala internacional. Este proceso complétase con espazos de intercambio de experiencias e aprendizaxes de realidades moi distintas, reforzando a idea de rede global de activismo lingüístico. O programa inclúe, a maiores, actividades culturais que favorecen a convivencia e o contacto coa cultura local.

Máis alá deste encontro, ten continuidade a través da creación de redes estables de colaboracións e proxectos de visibilidade das linguas minorizadas no ámbito dixital.

Se queres coñecer estas experiencias máis polo miúdo, [podes ver aquí](#) a mesa redonda desenvolta no marco do II Encontro de profesionais de normalización lingüística no eido local.

Outros casos inspiradores

Falarmos nós!

É unha rede provincial de grupos de conversa en galego que busca fomentar o uso oral da lingua entre persoas que a coñecen pero non a empregan habitualmente.

Os grupos de conversa xeran contornas seguras nas que perder o medo a falar e recuperar a confianza no uso do galego, pensadas para persoas que saben falar galego pero non o usan de maneira habitual nas súas interaccións sociais e persoas que se atopan nun proceso de adquisición da competencia oral.

A rede está aberta á participación de entidades da Administración pública local (a través dos servizos de normalización lingüística, bibliotecas municipais, OMIX...), así como entidades sociais, independentemente do seu ámbito de actuación.

Na lingua con orgullo

É unha campaña de comunicación da Deputación da Coruña que desmonta algúns dos prexuízos máis comúns ao redor da lingua galega, que obstaculizan o seu uso con normalidade na vida cotiá das persoas.

A través dunha guía en formato físico e [dixital](#) e dunha serie de [vídeos](#) descargables e partillables nas redes sociais, esta campaña quere dar alento e contribuír a unha sociedade respectuosa e orgullosa da nosa cultura e protagonista na dinamización da nosa lingua.

Comando Le

É un grupo de activismo cultural dirixido a adolescentes de máis de 12 anos que se constituíu dentro da asociación Espazo

Lectura en outubro de 2012. Trátase dun espazo de formación e de encontro no que, partindo da lectura, da música, do cine ou doutras expresións culturais, a rapazada poida reflexionar e debater sobre diferentes temas do seu interese e compartir as súas reflexións, experiencias e recomendacións.

Reúnese habitualmente o último sábado de cada mes, de 20:00 a 00:00 h, cunha pausa para unha cea compartida, onde poden atopar sesións de conversa arredor de libros ou de películas, obradoiros, xogos, charlas-coloquio, excursións e espectáculos poéticos, musicais ou teatrais.

Eu tamén falar

É unha iniciativa de normalización da lingua galega da Universidade da Coruña cuxo obxectivo é crear espazos seguros e regulares de práctica oral en galego a través de encontros en pequenos grupos para o estudantado nun contexto informal.

Estes encontros permiten que persoas que non empregan habitualmente a lingua galega e desexen facelo con naturalidade, e tamén aquelas que teñan a vontade de aprender teñan a oportunidade de se comunicar nun ambiente cordial e motivador.

[Para coñeceres máis proxectos, accións e campañas modélicas para o traballo en normalización lingüística, podes consultar os Premios Mil Primaveras, organizados pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, que os crea co fin de recoñecer e difundir proxectos, accións e campañas modélicas para o traballo en normalización lingüística.](#)



FERRAMENTAS E RECURSOS

A Área de Lingua da Deputación da Coruña pon a disposición dos diferentes axentes que traballan ao redor do uso da lingua galega e da activación de falantes unha serie de ferramentas e recursos para o traballo da normalización lingüística.

[Linguateca: recursos para ler, ver, escoitar e mellorar a expresión.](#)



IDEAS E LIÑAS DE FUTURO

A dinámica participativa *Traballando coa lingua. Espazo participativo prototipado de propostas para a intervención con infancia e adolescencias*, desenvolvida no marco deste II Encontro, tivo como obxectivo a ideación de propostas de intervención para levar a cabo desde os servizos participantes, nutrida polas aprendizaxes da xornada e o diálogo con outras profesionais. Apoiándonos en técnicas da facilitación de grupos, as persoas participantes tomaron un momento para identificar onde estaban, cara a onde querían camiñar, e cal podería ser un primeiro paso para se activaren nesa dirección.

As dinámicas que seguimos poden reproducirse de maneira autónoma para idear novas propostas de normalización lingüística no propio contexto de traballo (sempre vai ser moito máis rico se se fai en grupo).

Estes son os pasos que seguimos:

1. Conectarmos co noso punto de partida

O primeiro paso para trazarmos a nosa folia de ruta é identificarmos de onde partimos, que xa probamos, con que recursos contamos. Hai moitas maneiras de facelo, pola que optamos neste caso incorpora un exercicio de imaxinación: situámonos nun futuro máis ou menos próximos, no que rematamos a nosa carreira como profesionais da normalización lingüística. Contra todo prognóstico, a situación do galego é moi boa neste contexto; queda aínda camiño por andar, pero as estatísticas revertéronse, e a lingua goza dunha boa situación no rural e no urbano, na xente nova e na maior. Esta situación débese ao traballo de moitas pequenas iniciativas, de moitas e moitos axentes que foron gran a gran sementando un terreo fértil para a activación e preservación de falantes.

Unha persoa que no 2026 era crianza quere agradecer o traballo feito e saber máis de como se produciu este cambio, de cales foron os pasos que se foron dando nestes anos. Fainos a seguinte entrevista:

- Como te sentías nos anos 2025–2026 en relación ao uso do galego na infancia e na adolescencia? Cal era a túa **percepción** e que **emocións** che producía esta realidade?
- Se fas un exercicio de memoria e te remontas a ese 2026, **que tiñas xa feito** neste ámbito, que estabas facendo, que iniciativas probaras xa?
- Que probaches nos anos seguintes, cales foron as túas prioridades, que **cousas novas** te atreviches a facer?
- Que **alianzas ou potencialidades** do teu contexto concreto foron estratéxicas neses novos camiños que abriches?

Tomamos notas das nosas respostas, e reservámolas para seguir traballando.

2. Proxectarmos cara a onde queremos ir

Partindo do xa feito, dos recursos do territorio e dos ámbitos de interese identificados, traballamos individualmente na ideación dunha acción. Respondemos os seguintes campos:

- Título da proposta
- En que consiste?
- A quen se dirixe, con quen traballa?
- Que recursos precisa para materializarse?
- Canto duraría e cando se faría?
- Que barreiras ou dificultades pode atopar, e como solventalas?
- Con que apoios pode contar, e como aprobeitalos?

3. Apoiármonos na sabedoría colectiva

Nun terceiro momento, apoiámonos na sabedoría colectiva para enriquecer as nosas propostas. Agrupámonos por eixos temáticos, compartimos a nosa idea nunha rolda, e as outras persoas achégannos as súas impresións resopondendo dúas preguntas: a) que me gusta desta idea que comparte a compañeira?; b) engadiría algo?

Completamos as nosas notas. Concretamos un primeiro paso para a activación desta proposta, e poñémonos mans á obra!



Deputación
DA CORUÑA